

Informe sobre o parque eólico Coto Loureiro

Código C03.02819

Nº Expte: IN408A 2018/37

I. ANTECEDENTES E ESTUDO DO PROXECTO

O presente informe responde á solicitude recibida o 25/03/22 desde o Servizo de Enerxía e Minas sobre o parque eólico Coto Loureiro, en base ao *Proxecto Sectorial* da infraestrutura e *Estudo de Impacto Ambiental*. Dita infraestrutura está promovida por *Adelanta Corporación, S.A.* e afecta a terreos pertencentes aos concellos de A Laracha e Cerceda. A poligonal do parque abarca unhas 2099 hectáreas. As coordenadas dos seus vértices xunto coas dos aeroxeradores son as seguintes:

Vértice	UTM-X	UTM-Y
1	540000	4786200
2	542500	4785000
3	543000	4781500
4	542000	4781500
5	539000	4782800
6	533500	4783900
7	533500	4784500
8	539000	4785000

Coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29

Aerox.	UTM-X	UTM-Y	P (MW)	Concello
1	534615	4784110	3,6	A Laracha
2	534961	4784034	3,6	
3	536070	4784017	3,6	
4	536429	4784015	3,6	
5	536845	4783988	3,6	
6	537512	4784260	3,6	
7	537828	4783691	3,6	
8	538714	4784098	3,6	
9	540124	4784283	3,2	
10	540433	4785513	3,6	
11	540744	4785261	3,6	
12	541180	4785148	3,6	
13	541547	4785010	3,6	
14	541744	4784712	3,6	

O parque proxectado contará con catorce aeroxeradores do tipo Vestas V136 de entre 3,6 e 3,2 MW de potencia unitaria, 136 metros de diámetro do voo, e unha potencia total instalada de 50 MW.



Os aeroxeradores estarán conectados coa subestación do parque por medio de liñas colectoras subterránea de 30 kV. A lonxitude das gabias será duns 11 377 metros e as canalizacións acollerán tamén a rede de posta a terra, comunicacións e baixa tensión. A enerxía producida polo parque se evacuará ata a subestación do parque eólico Monte Inxeiro a través dunha LAT de 220 kV obxecto dun expediente independente (IN408A 2021/36).

A implantación do parque requirirá tanto do acondicionamento de vías existentes como da execución de novas vías interiores para o acceso aos aeroxeradores, á subestación e o edificio de control.

O concello de A Laracha dispón dun PXOM aprobado no ano 2003. Os terreos directamente afectados polos elementos do parque están clasificados como solos rústicos de protección forestal, de protección de augas, de protección natural, de protección agropecuaria e solo de núcleo rural.

O concello de Cerceda dispón de normas subsidiarias aprobadas no ano 1996. Estas clasifican os terreos onde se executarán traballos de acondicionamento de acceso cara o parque como solo urbano delimitado.

O proxecto sectorial prevé a clasificación da área efectiva de afección territorial do parque eólico como solo rústico de especial protección de infraestruturas de forma complementaria ás categorías actuais de solo rústico existentes, consonte o artigo 34.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. Dentro das limitacións de uso recollidas no devandito documento está a prohibición de calquera uso distinto do aproveitamento eólico no pleno dominio, e a prohibición de efectuar traballos agrícolas ou forestais, entre outros, a plantación de árbores e arbustos, nas servidumes de paso que inclúen os accesos, vías, gabias para cableado e servidume do voo dos aeroxeradores.





II. ESTADO FORESTAL

O Servizo de Montes solicitou ao Distrito Forestal II información sobre as posibles afeccións ao medio forestal derivadas da execución deste proxecto. Do estudo da documentación aportada e dos datos que obran neste servizo se resume o seguinte:

1. Os terreos sobre os que se sitúan os elementos da infraestrutura son de propiedade particular, sin que resulten afectados montes veciñais en man común nin montes patrimoniais ou de dominio público.
2. Non se verán afectadas outras infraestruturas forestais agás as pistas situadas na área de execución da infraestrutura e un punto de auga identificado como 15041-001 (UTM: 541677, 4784950) próximo ao aeroxerador nº 13.
3. Non hai constancia de que poda afectar a expedientes de subvención.
4. O proxecto non afectará a masas consolidadas de frondosas autóctonas, a masas forestais de especial valor, nin a outros valores salientables no ámbito forestal.
5. Os concellos de A Laracha e Cerceda están clasificados como zona de alto risco de incendio segundo a Orde de 18 de abril de 2017, pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.

III. INFORME

A instalación do parque eólico Coto Loureiro afectará exclusivamente a montes de particulares. A execución do proxecto ocasionará a corta do arborado na área de afección polo que haberá que ter en conta a o establecido no Decreto 73/2020 do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos nos montes ou terreos forestais de xestión privada.

O EsIA do proxecto sectorial consta dunha avaliación cualitativa e cuantitativa sobre a vexetación forestal afectada. En canto ás medidas protectoras e correctoras previstas, este Servizo, en canto ao ámbito forestal, considera correctas as actuacións propostas.



Como consecuencia da aplicación da normativa relativa aos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, o proxecto de interese autonómico supón a modificación do planeamento municipal, declarando as superficies afectadas polos elementos do parque eólico e as súas servidumes como solo rústico de protección de infraestruturas, isto de forma complementaria ás categorías actuais de solo rústico existentes. As limitacións dos usos forestais se circunscriben unicamente ao pleno dominio dos elementos da infraestrutura, ás servidumes de paso e servidume do voo dos aerogeradores.

Para a determinación das afeccións haberá que ter en conta, ademais das superficies do pleno dominio e das servidumes que operen para cada elemento construtivo de acordo coa súa normativa sectorial; as superficies necesarias para o cumprimento das distancias de plantación recollidas no anexo II da Lei 7/2012, de montes de Galicia. No caso das vías, 2 metros para as especies de frondosas e 6 metros para o resto.

Tamén haberá que ter en conta a delimitación das faixas de xestión de biomasa consonte os artigos 20 e 20 bis da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia; é dicir, a xestión da biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aerogenerador; no estrato arbustivo e subarbustivo dos camiños interiores nos 5 metros dende a súa aresta exterior; 5 metros dende o último elemento en tensión e dende os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas, e 50 metros nas subestacións eléctricas nas que existan edificacións destinadas a albergar oficinas, almacéns ou parque móbil.

Dado que a execución da infraestrutura pode afectar á captación do punto de auga identificado como 15041-001, o proxecto debería ser informado pola Dirección Xeral de Defensa do Monte.

Polo exposto, se informa favorablemente o proxecto do parque eólico Coto Loureiro promovido por *Adelanta Corporación, S.A.*

